XORNADA

# É racional o cambio estacional de hora en Europa?

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 4 de decembro de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A principios de 2018 Finlandia solicitou ás institucións europeas a eliminación do cambio estacional de hora, que se realiza dúas veces ao ano en cumprimento dunha directiva europea.

Esa petición desencadeou rápidos acontecementos: en xullo, a Comisión Europea abriu unha consulta pública vía iInternet sobre a supresión do cambio estacional de hora. O resultado foi presentado en agosto e, case de inmediato, o presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker, anunciou que propoería a súa supresión no conxunto da UE.

Ese anuncio sitúa nunha encrucillada os diferentes estados, que están neste momento a analizar as consecuencias da medida.

É racional eliminar esa medida, aplicada durante décadas? Se se suprime o cambio estacional de hora, con cal quedar? Co de verán ou co de inverno? Que ocorrería se Europa perdese a súa estabilidade e coordinación horaria?

A resposta, e as decisións que se tomen baseándose nela, afectarán a todas as persoas do espazo común europeo, sen excepción. A cuestión é, pois, relevante, e a súa resolución esixe unha re. exión pausada polo miúdo, que debe ser tomada logo de adquirir un coñecemento previo dos factores que inciden nela.

Esta xornada do Consello da Cultura Galega pretende proporcionar ese coñecemento, a través das exposicións de expertos. A achega á que aspira a xornada é facerlles posible aos asistentes responder con solidez argumental á pregunta que lle dá título.

Imaxe da portada: Christian Marclay, *The Clock*, 2010.

## PROGRAMA

### Sesión da mañá

10:15 horas
Presentación

10:30 horas
*A hora legal portuguesa e o réxime europeo da hora de verán*
**Rui Jorge Agostinho**, director do Observatório Astronómico de Lisboa, profesor de Astrofísica e Astronomía da Universidade de Lisboa e redactor do informe sobre o cambio estacional de hora para o goberno de Portugal

11:30 horas
Pausa

12:00 horas
*A utilidade e naturalidade do cambio estacional de hora*
**José María Martín Olalla**, profesor da Facultade de Física da Universidade de Sevilla

### Sesión da tarde

16:30 horas
*A incorrecta interpretación dos sistemas de referencia da medida do tempo e a súa in uencia no debate horario*
**Jorge Mira Pérez**, catedrático do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e membro do comité de expertos para o estudo da reforma da hora o. cial española

17:30 horas
Debate
Modera: **Iolanda Fernández Casal**, xornalista e membro da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do CCG
**Rui Jorge Agostinho**
**José María Martín Olalla**
**Jorge Mira Pérez**

**ORGANIZA**
Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade (CCG)

**COORDINA**
Jorge Mira Pérez

**LUGAR**
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705. Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**INSCRICIÓN**
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

**MÁIS INFORMACIÓN**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal/mediateca

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA